

OS DEMOSTRATIVOS

1. Enche os ocos cos demostrativos precisos:

- Aquí tes ____carballo e alí está ____ máis baixo.
- Non ves, parva, ____con que nos vén agora!
- Cando chegou á cidade, sentiuse incómoda en ____ pequeno apartamento.
- En ____tempos as mulleres non tiñan dereito a voto, aínda que en ____ seguen discriminadas no acceso ao traballo.
- ____ poesías, que agora che traio, son a penas un anaco da miña alma.
- Non esqueceréi nunca ____ mañá de hai 25 anos cando entrei no vestíbulo do xornal.
- Coa princesiña ____ morreu a derradeira gota de sangue da dinastía dos Ulxidos.
- Comezaba o amencer e en ____ momento estalaba o primeiro foguete do día.
- Ao entrar no bar non deixaba de pensar en todo ____ que lle sucedera ____ tarde en ____ mesmo lugar.
- Sabía ben que ____ fillo nunca chegaría a nada e ____ traíao a mal traer.
- O afogamento do home causou nela un trauma profundo, quedoulle de ____ unha levidade na ollada.
- Traio ____ álbum para ti, así que vaime dando ____ que levas nas mans.
- Díxome ____ meu señor Merlín: Non te lembrás de ____ anos que pasamos en Miranda?

- Presentounos a todos: ____ é meu padriño, ____ meu irmán Fuco e ____ que ves alá é Rosiña, a máis pequerrecha.
- Sinto de verdade deixar ____ mundo, pero o que máis me doe é que non volverei probar ____ biscoitos tan ricos que fai ____ túa irmá.
- Coñeces ____ muller de aquí? E ____ que está alá ao fondo, preto de ____ árbore?

2. Introduce os demostrativos adecuados, facendo as contraccións:

- En ____ ocasión tivemos moita sorte xogando de ____ maneira.
- Na festa de ____ amigas túas coñecemos ____ mozos que veñen connosco.
- ____ mesa que puxeron aquí é mellor ca ____ de alá.
- Bebede de ____ viño que seica senta ben.
- ____ non sabe parar quieto cando debe e así ten ____ liortas.
- ____ non o faría eu nunca. De verdade, penso que en ____ non caería xamais.
- ____ señora, a que cruza por ____ rúa, é a nai de ____ garda.
- Fóra de ____ órbita non o coñece ninguén, nin sequera en ____ círculo.
- ____ vez aprenderás de ____ outro xeito, por se ____ se che dá mellor.
- En ____ tes razón, pero de ____ maneira non o debes dicir.

3. Repasa os valores especiais dos demostrativos e utilízalos nas seguintes frases, substituíndo as expresións sinaladas por “daquela”, “nisto”, “niso”:

- *Por aquel entón* pasaba por aquí unha estrada.
- Se vai frío, *entón* non imos.
- *Nese momento* chega, e dános a mala nova.

- Confiabamos en subir a primeira, e *no mesmo momento* de se cumprir os noventa minutos métennos un gol.
- Penso que *naqueles tempos* había máis oportunidades que hoxe.
- *Nestes temas* estabamos cando interromperon a conversa.
- Se para *entón* o tes rematado, pagarémoscho ben.

4. O demostrativo “aquel” ten un valor impreciso en expresións como: “Ten un aquel que sorprende” e mesmo existe o verbo “aquelar”, con significados variados, en expresións como: “Xa aquelou o coche?”. A partir destes exemplos, intenta substituír as formas especiais “aquel” e “aquelar” por outras similares, conforme se ve no exemplo:

Exemplo: Aínda que che ten moito aquel para as relacións persoais, pérdeo por non saber calar a tempo. / Aínda que che ten moita habilidade para as relacións persoais, pérdea por non saber calar a tempo.

- Co *aquel* do exame final hai unha semana que non sae da casa.
- Ten un *aquel* moi gracioso ao falar francés.
- Ten unha *aquela* coa voda que non atina para nada.
- *Desaquelouno* tanto infortunio e frustración, e non hai quen o *aquele* con nada.